



## ANEXO III

## CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

## AXUDA

Referencia: ED431B 2017/59

Título: Contratación con cargo á subvención de Grupos de Potencial Crecemento (Xunta de Galicia)

CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)

OBXECTO DO CONTRATO: Investigación no eido do deseño de sistemas con aplicación na diagnose clínica  
Colaborador/a nas tarefas do (proyecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Laboratorio 4.3 (CICA); Luns a venres de 9:00 a 13:00 ou de 16:00 a 20:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL \*(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado \* Investigador en formación  \* Requiere matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación Técnico administrativo Axudante administrativo 

XORNADA

Tempo Completo:

Tempo Parcial: 

DURACIÓN

12 meses

DATA APROX. DE INICIO

1 Xaneiro 2018

RETRIBUCIÓNS BRUTAS : 909,94 euros

PARTIDA ORZAMENTARIA: 2017 - 6100242715 (649.02.00)

\* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

## REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado/a ou Graduado/a en Química

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumplido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: UADI da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña

PRAZO: 10 días naturais desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

## ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Comisión constituída por membros do grupo de investigación REACT!

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios do CICA e páxina web (sección REACT!).

A Coruña/Ferrol, 16 de novembro de 2017

## O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

SANTABALLA LOPEZ  
JUAN ARTURO -  
32802318V

Firmado digitalmente por SANTABALLA LOPEZ JUAN  
 ARTURO - 32802318V  
 Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
 serialNumber=32802318V, sn=SANTABALLA LOPEZ,  
 givenName=JUAN ARTURO, cn=SANTABALLA LOPEZ  
 JUAN ARTURO - 32802318V  
 Fecha: 2017.11.16 18:31:37 +01'00'

Asdo.: J. Arturo Santaballa LópezDocumentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG



## OFERTA DE CONTRATO PARA TITULADO/A SUPERIOR EN QUÍMICA

### **BASES DA CONVOCATORIA**

Contrato de investigación con cargo aos fondos de Grupos de Potencial Crecemento (GPC) (ED431B 2017/59).

**SOLICITANTES:** Licenciado/a ou Graduado/a en Química

**FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES:** UADI da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e deberán incluír a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación académica
- *Curriculum Vitae*

**NATUREZA DO CONTRATO:** Contrato a tempo parcial durante 12 meses, previsivamente do 1 de xaneiro do 2018 ate o 31 de decembro de 2018, cun horario de traballo de luns a venres de 9:00 – 13:00 h (ou de 16:00 a 20:00), sendo a cantidade adxudicada para o contrato de 14.828,64 €. A retribución bruta por mes completo, incluíndo o prorrato de pagas extra, será de 909,94 €.

**COMISIÓN DE SELECCIÓN:** Estará constituída polos seguintes investigadores do grupo de investigación REACT!: Dr. David Esteban Gómez, Dra. Isabel Brandariz Lendoiro, Dra. Isabel Fernández Pérez e presidida polo Dr. J. Arturo Santaballa López, responsable do grupo REACT!.

**PLAZO DE PRESENTACIÓN:** 10 días dende a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC na UADI da Facultade de Ciencias da UDC.

**LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN:** Taboleiro de anuncios do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), e web do centro (sección novedades Grupo REACT!).



## DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO

**Denominación:** Titulado/a Superior para realizar actividades de investigación relacionadas coa síntese e caracterización de novos sistemas poliaminocarboxilato e o estudo da súa potencial aplicación como axentes de contraste de Imaxe por Resonancia Magnética de Imaxe (IRM). O obxectivo principal é a preparación de novos sistemas con aplicación na diagnose clínica.

**Centro:** Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) e Facultade de Ciencias da UDC.

### TAREFAS A REALIZAR:

As tarefas a realizar polo beneficiario do presente contrato serán as de investigación sobre sistemas quelatantes con potencial aplicación coma axentes de contraste por RMI. Concretamente, sintetizará e caracterizará novos ligandos poliaminocarboxilato (macrocíclicos ou podandos) e os seus complexos metálicos derivados, e realizará estudos de estabilidade destes últimos en medio acuoso mediante técnicas potenciométricas e de inercia química fronte á disociación mediante técnicas espectroscópicas.

Os resultados obtidos nos primeiros meses de investigación permitirán configurar un traballo de investigación de gran calidade que podería xerar unha tese doutoral dentro do eido da Química Macroscíclica. Porén, os resultados obtidos non só contribuirán a un aumento do coñecemento neste eido, senón que tamén promoverán unha formación coma investigador de alto nivel ao persoal que fose contratado para levalo adiante.

## XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

O tempo estimado para desenvolver este traballo é de 12 meses (susceptibles de ser prorrogados), e comprenderá as seguintes etapas:

- Etapa 1 (4 meses): Síntese e caracterización dos sistemas mediante as técnicas de caracterización habituais (espectroscopias electrónicas de absorción e emisión, espectroscopia de RMN, espectroscopia IR, espectrometría MS).
- Etapa 2 (5 meses): Estudos de estabilidade termodinámica en medio acuoso e ensaios de inercia química fronte á hidrólese monitorizados mediante técnicas espectroscópicas.
- Etapa 3 (3 meses): Elaboración de informes e interpretación de resultados.

En función dos resultados obtidos, valorarase durante a terceira etapa o estudio simultáneo da posible aplicación dos sistemas coma axentes de contraste de Imaxe por Resonancia Magnética (IRM).



## DESCRIPCIÓN DO/A CANDIDATO/A:

Titulación: Licenciado/a ou Graduado/a Química

Experiencia: Valorarase a experiencia en:

- Síntese macrocíclica e química da coordinación
- Informática a nivel de usuario en entorno PC, especialmente en follas de cálculo e bases de datos.
- Capacidad de integración nun grupo de traballo interdisciplinar.
- Comunicación dos resultados de investigación en inglés tanto oralmente como por escrito.

## REQUISITOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os requisitos imprescindibles para poder optar ao contrato son:

- Estar en posesión da Titulación académica de Licenciado/a ou Graduado/a en Química.
- Estar en posesión dun título de Mestrado en Ciencias Experimentais.
- Estar admitido nun programa de doutoramento ou compromiso de incorporación ao mesmo no momento de obter o contrato.

Os criterios que se terán en conta á hora de avaliar aos candidatos, así como a puntuación máxima (sobre **100 puntos**) a aplicar para cada un deles no baremo de selección serán os que figuran a continuación. No caso de acadar a puntuación máxima nalgún dos bloques, a puntuación dos candidatos será ponderada respecto ao valor máximo acadado polo candidato que obtivese unha maior puntuación:

- Expediente académico na titulación de Licenciado/a ou Graduado/a (até **10 puntos**) (nota mínima do expediente esixida para a súa valoración 5,0 ptos).
- Adecuación do Mestrado cursado ao perfil do contrato (até **10 puntos**) (Mestrado en Química 10 ptos, áreas afíns 5 ptos).
- Experiencia demostrada nas tarefas a realizar durante o contrato (conjunto de técnicas de análise e caracterización a empregar), avaliada de acordo coa producción científica dos candidatos (até **40 puntos**). No caso de acadar a puntuación máxima nalgún dos seguintes apartados, a puntuación dos candidatos será ponderada respecto ao valor máximo acadado polo candidato que obtivese unha maior puntuación:
  - o Publicacións científicas derivadas da actividade investigadora e relacionadas coas tarefas a desenvolver (até 20 puntos) (Revistas de Química JCR Q1 (3 ptos); Q2 (2



ptos); Q3 (1 ptos); Q4 (0,5 ptos); revistas de áreas afíns, a puntuación de cada cuartil computará pola metade).

- Participación en proxectos de investigación (até 10 puntos) (Participación en Proxectos Internacionais (3 ptos/ano); Nacionais (2 ptos/ano); Autonómicos (1 pto/ano) (no caso de ter sido IP do proxecto a puntuación correspondente multiplicarase por 2)).
- Participación en congresos (até 5 puntos) (Participación formato póster en Congresos Internacionais (3 ptos); Nacionais (2 ptos); Autonómicos (1 pto) (no caso de ser comunicación oral a puntuación correspondente multiplicarase por 2)).
- Estadías en centros de investigación nacionais ou estranxeiros (até 5 puntos) (Estadías en centros Internacionais (5 ptos/ano); Nacionais (2,5 ptos/ano)).
- Outros: (até **40 puntos**). No caso de acadar a puntuación máxima nalgún dos seguintes apartados, a puntuación dos candidatos será ponderada respecto ao valor máximo acadado polo candidato que obtivese unha maior puntuación
  - Cursos de formación coma investigador en técnicas relacionadas coas tarefas a desenvolver (até 20 puntos) (Cursos de más de 12h (3 ptos); cursos de menos de 12h (1,5 ptos).
  - Nivel de inglés e outros idiomas (até 10 puntos). Diploma oficial de coñecemento de idioma extranxeiro en función do nivel acreditado (Nivel avanzado (5 ptos); nivel intermedio (3 ptos); nivel básico (1 pto)).
  - Manexo de ferramentas informáticas a nivel usuario (até 10 puntos) (cursos de formación en ferramentas informáticas de más de 12h (2 ptos); cursos de menos de 12h (1 pto)).

Seleccionarase ao solicitante que, segundo o seu expediente académico e méritos, mellor se axuste ao perfil do proxecto e cumpra os requisitos esixidos na presente convocatoria. En calquera caso terán preferencia os solicitantes que posúan un título de Mestrado en Química, e de ser preciso, farase unha entrevista persoal aos candidatos.